

MAG/jla

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS EMERXENCIAS PROVINCIAIS DO DÍA 20/02/2026

#### ASISTENTES

PRESIDENTA: D.<sup>a</sup> María Pilar Ramallo Vázquez

VOGAIS: D. Javier Tourís Romero en substitución de D. Roberto José Álvarez Carrero

D.<sup>a</sup> Luisa María Sánchez Méndez

D. Rafael Domínguez Artime

D. Jorge Cubela Lopez

D. Jesús Vázquez Almuíña

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D.<sup>a</sup> Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D.<sup>a</sup> Digna Rosa Rivas Gómez

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo

D.<sup>a</sup> María Ortega Iñarrea, en substitución de D.<sup>a</sup> Beatríz Lomba Rodríguez

Sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte de febreiro do ano dous mil vinte e seis, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D.<sup>a</sup> María Ramallo Vázquez. Actúa como secretario o xefe do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión pola presidenta, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

#### 1. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: FL3U4CCCP3A26B4V), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de xaneiro do ano dous mil vinte e seis por unanimidade.



## 2. Ditaminar a aprobación da prórroga do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (Expte. 2024066520)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

### “APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte. 2024066520)

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión extraordinaria do 18 de outubro de 2024, aprobou, mediante o Acordo núm. 3.8273, as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 206, de 22 de outubro de 2024.

As subvencións outorgáronse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.

Na cláusula 19.<sup>a</sup> das bases reguladoras establécese que as actuacións deben estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 30 de abril de 2026. Non obstante, na data de hoxe, os concellos presentaron solicitudes de prórroga ante a previsible imposibilidade de cumprir con este prazo.

Como consecuencia das incidencias expostas, considérase a posibilidade legal de estender o prazo de execución e, consecuentemente, tamén o de xustificación, co fin de garantir que estas entidades dispoñan do tempo suficiente para xestionar a realización das actuacións subvencionadas, cumprindo coas cautelas impostas pola normativa vixente, xa que as novas circunstancias implican un horizonte temporal máis longo do que se puido prever na concesión inicial.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**PRIMEIRO.-** Conforme se establece na cláusula 2<sup>a</sup> das bases reguladoras do II PEID, as axudas que se arbitren a favor dos concellos rexeranse polo recollido nas propias bases. Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a LXS; o seu regulamento de



desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e disposicións que a desenvolvan; a OXSDPPO; as bases de execución do orzamento provincial e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O artigo 70 do RLXS (de aplicación supletoria) establece que, salvo precepto en contrario nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá acordar unha ampliación do prazo de presentación da xustificación que non exceda a metade deste.

Neste sentido, a base 19ª das reguladoras recolle expresamente a posibilidade de prorrogar o prazo de execución dos investimentos ata un máximo de seis (6) meses por circunstancias debidamente motivadas.

Segundo queda recollido no expediente os motivos que aconsellan esta ampliación son, entre outros, os retrasos na obtención de licenzas ou permisos necesarios para a execución das actuacións e as dilacións nos procedementos de contratación, ao que hai que engadir a paralización dos traballos de execución debido ás condicións climáticas adversas dos últimos meses.

Considerando o exposto poderíase ampliar o prazo de execución dos investimentos acollidos no II PEID ata o 31/10/2026 e o prazo de xustificación ata o 31/03/2027.

**SEGUNDO.-** En todo expediente de contido económico conflúen dous tipos de normas: de legalidade substantiva e de legalidade financeira, aplicables ás diferentes actuacións da Administración.

Desde o punto de vista xurídico, establécese que todos os actos deben ser sempre adoptados polo órgano competente. Desde o punto de vista económico, como se recolle no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), o órgano competente deberá adoptar os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento no momento oportuno do procedemento.

A execución dos acordos de concesión e o libramento do crédito implica que previamente as actuacións subvencionadas deben estar rematadas na súa totalidade e xustificadas. Na conxuntura actual, isto non será posible se os créditos comprometidos na anualidade 2024 non se incorporan ao exercicio orzamentario 2026 e non se estende, polo tanto, a súa vixencia.

**TERCEIRO.-**O procedemento de concesión das subvencións no marco do II PEID foi o de concorrencia non competitiva, ao abeiro do recollido nas propias bases reguladoras e segundo o disposto no artigo 22 da LXS.

Nun procedemento de concesión de subvencións por concorrencia non competitiva, as solicitudes non requiren dunha valoración comparativa con outras propostas. Como queda



acreditado no expediente, a repartición dos incentivos económicos no II PEID prodúcese con base nunha distribución aprobada polo Pleno de acordo cos criterios que se estipulan na base 6ª das reguladoras, sempre e cando os concellos beneficiarios e as solicitudes presentadas cumpran as condicións establecidas.

En consecuencia, a ampliación dos prazos non lle afecta á asignación do crédito entre os beneficiarios, non produce indefensión, non prexudica dereitos de terceiras persoas nin vulnera o principio de igualdade recollido no artigo 8 da LXS, posto que todos os concellos da provincia se benefician por igual da prórroga e da cooperación administrativa da Deputación.

**CUARTO.** Segundo a base 3.ª das reguladoras do II PEID, o órgano competente para aprobar estas bases foi o Pleno da Deputación, polo tanto será o mesmo órgano o competente para autorizar a ampliación do prazo de execución e xustificación dos investimentos acollidos no mesmo.

Visto todo anterior, considérase que ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a aplicación dos créditos comprometidos, ata que se cumpran as actuacións subvencionadas, sen exceder, en todo caso, o prazo de execución do 31 de outubro de 2026 e o de xustificación do 31 de marzo de 2027, dado que o aconsellan as circunstancias e non se prexudican dereitos de terceiras persoas.

Vista toda a documentación relativa ao citado plan que consta no expediente; vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de 3 de febreiro de 2026; do secretario xeral, de 4 febreiro de 2026; e da Intervención provincial, de 9 de febreiro de 2026, no que se lle presta conformidade á proposta do Servizo de Cooperación, proponse a adopción do seguinte acordo; de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

1.º. PRORROGAR o prazo de execución dos investimentos acollidos no II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas ata o 31 de outubro de 2026.

2.º. PRORROGAR o prazo de xustificación dos investimentos acollidos no II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas ata o 31 de marzo de 2027.

3.º. ORDENAR a publicación destas prórrogas no BOPPO, na Base de Datos Nacional de Subvencións e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9) e do Grupo Provincial do BNG (2) e a abstención do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6).



### **3. Ditaminar a aprobación da addenda para reaxustar o financiamento do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a renovación da iluminación pública no centro urbano (zona norte) (Expte. 2025059911)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DA ADDENDA PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE) (Expte. 2025059911)**

#### **ANTECEDENTES**

- En data 26/09/2025 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 16.35643 polo que se aprobaba o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE)”.

- En data 4/12/2025 asinouse o citado convenio coa finalidade de establecer unha cooperación entre ambas Administracións destinada a conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente na renovación da iluminación exterior pública no centro urbano da cidade de Pontevedra, na súa zona norte, sendo a mellora da eficiencia enerxética a principal motivación.

- En data 14/01/2026, mediante rexistro núm. WEB2026002176, o Concello de Pontevedra solicita a celebración da Comisión de Seguimento do convenio, coa pretensión de tramitar unha addenda para reaxustar o financiamento previsto na cláusula segunda do mesmo, incrementando o importe da subvención concedida en 719.043,06€, con cargo á aplicación orzamentaria destinada a convenios do orzamento do ano 2026 da Deputación de Pontevedra, pasando a Deputación a financiar o 100% da actuación obxecto do convenio.

Na solicitude presentada polo Concello para a sinatura dunha addenda (CSV: LU3SNVH3DAW4OSEL) indícase que, no seu momento, para a sinatura do antedito convenio, o Concello presentou a correspondente solicitude e a documentación pertinente e formulou a petición de que, no caso de



existir crédito axeitado e suficiente para esa finalidade nos orzamentos da Deputación de Pontevedra do ano 2026, fose posible reaxustar o financiamento previsto durante os anos de vixencia do convenio, previo acordo da comisión de seguimento e a tramitación dos procedementos administrativos correspondentes. Na citada solicitude tamén se indica que o procedemento para a contratación das obras previstas no convenio iniciouse no ano 2025 e foi obxecto de tramitación anticipada, estando na actualidade en fase de licitación, se ben baixo a condición da acreditación de crédito axeitado e suficiente para financiar o gasto correspondente no presente exercicio, polo que, para continuar coa tramitación, se solicita o reaxuste do financiamento previsto na cláusula segunda do pacto, financiando a Deputación o 100% da actuación para a que se solicitou a subvención.

- En relación co anterior, a cláusula décima prevé a constitución dunha Comisión de Seguimento que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución do presente convenio e a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación. A dita Comisión estará integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

- En data 06/02/2026, tendo en conta os antecedentes e a evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnense os membros da citada Comisión de Seguimento e acórdase, por unanimidade, tal como se fai constar na acta da mesma (CSV: 46531YBO2CP2FGQM), propoñer a tramitación dunha addenda para incrementar o importe da subvención concedida, pasando de 1.601.948,13€ a 2.320.991,19€.

- O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL NOVECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (2.320.991,19€).

- Así, polo exposto, a **Deputación de Pontevedra** financiará o investimento contra as aplicacións orzamentarias 2026/942.9420.762.14.2025 e 2026/942.9420.762.14, respecto da cal consta crédito dispoñible suficiente para realizar unha retención de crédito.

En concreto, as achegas da Deputación proveñen de diferentes anualidades e polas seguintes cantidades:

2025	2026	TOTAL
1.601.948,13 €	719.043,06€	2.320.991,19€



- Dado que a cláusula **segunda** rubricada **Financiamento** establece que:

*“As actuacións obxecto do presente convenio ascenden a cantidade total de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL NOVECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (2.320.991,19€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da obra obxecto da colaboración pactada, que será financiada pola Deputación de Pontevedra coa cantidade de UN MILLÓN SEISCENTOS UN MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (1.601.948,13 € ) con cargo ao exercicio 2025 e contra a aplicación 2025/942.9420.762.14, e polo Concello de Pontevedra coa cantidade de SETECENTOS DEZANOVE MIL CORENTA E TRES EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (719.043,06 €) con cargo ao exercicio 2026.*

*O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.*

*O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:*

	2025	2026
<b>Deputación de Pontevedra (69,02%)</b>	1.601.948,13 €	- €
<b>Concello de Pontevedra (30,98%)</b>	- €	719.043,06 €
<b>Total proxecto</b>	<b>2.320.991,19€</b>	

*A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.*

*No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada no proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.”.*



Polo exposto, e en aras de levar a cabo a adecuación financeira en virtude do acordado na sesión da Comisión de Seguimento celebrada en data 06/02/2026, modifícase a devandita cláusula que queda redactada como segue:

*“As actuacións obxecto do presente convenio ascenden a cantidade total de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (2.320.991,19€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da obra obxecto da colaboración pactada, que será financiada integramente pola Deputación de Pontevedra, UN MILLÓN SEISCENTOS UN MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (1.601.948,13 € ) contra a aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14.2025 e SETECENTOS DEZANOVE MIL CORENTA E TRES EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (719.043,06€) con cargo ao exercicio 2026 e contra a aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14.*

*O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.*

*O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:*

*A Deputación de Pontevedra financiará contra as aplicacións orzamentarias 2026/942.9420.762.14.2025 e 2026/942.9420.762.14 as seguintes cantidades das correspondentes anualidades do orzamento provincial:*

<b>2025</b>	<b>2026</b>	<b>TOTAL</b>
1.601.948,13 €	719.043,06€	2.320.991,19€

*A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.*

*No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada no proxecto, a*



*contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento. ”.*

- O interese xeral e a conveniencia da concertación da addenda reflíctense na solicitude de data 14/01/2026 (CSV: LU3SNVH3DAW4OSEL), na que se xustifica a necesidade de reaxustar o financiamento. A proposta de addenda non altera os principios de sustentabilidade financeira, en base ao artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que foron determinados na tramitación do presente convenio.

- Recibida a documentación necesaria para a tramitación da addenda, o xefe do Servizo de Cooperación, en data 06/02/2026, informa a proposta da addenda (CSV: 12T6RQH8HMRURMRT) e, na data 11/02/2026, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á mesma (CSV: 0XKQ79OD3HJCH2QR).

- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Lexislación aplicable**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a renovación da iluminación pública no centro urbano (zona norte)

### **Consideracións Xurídicas:**



#### Competencia:

- Artigo 25 da LRBRL e, en termos semellantes, o artigo 80 da LALGA, que establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal e medio ambiente urbano, en concreto, protección contra a contaminación lumínica nas zonas urbanas. Segundo o artigo 26 da LRBRL, constitúen servizos de prestación obrigatoria para o municipio os de alumeadado público.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Procedencia da addenda

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que



conclúa o prazo para a realización da actividade.

- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- Cláusula Décima do convenio, que indica que as funcións da comisión de seguimento do convenio serán, entre outras, impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

### **CONCLUSIÓNS**

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, INFORMO FAVORABLEMENTE a sinatura dunha ADDENDA PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE), co fin de reaxustar as achegas económicas inicialmente comprometidas, supoñendo un incremento da achega da Deputación de Pontevedra de 719.043,06€, incremento que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14, na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin e modificando, polo tanto, a cláusula segunda do convenio, mantendo invariable o texto do mesmo en todo o demais.

### **RÉXIME COMPETENCIAL:**

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 35 da LRBRL e na Base 16ª 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, elévase á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR a ADDENDA PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE), cuxo texto literalmente transcrito di como segue:



**“ADDENDA PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE)**

Na data da sinatura electrónica

**INTERVEÑEN**

Dunha banda, don Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

**EXPOÑEN**

**I.-** Que con data 4 de decembro de 2025 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE).

**II.-** Que a cláusula DÉCIMA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

**III.-** Que a Comisión de seguimento do convenio, reunida en sesión de data 06/02/2026, acorda tramitar unha addenda co obxecto de reformular as obrigas económicas vinculadas ao mesmo, de xeito que a Deputación financiará integramente as actuacións obxecto do presente convenio, que se corresponden co orzamento total de execución da obra.

**IV.-** Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación financeira do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a renovación da iluminación pública no centro urbano (zona norte), conforme ás seguintes



## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** Modificar a *Cláusula Segunda. Financiamento* de acordo co seguinte texto:

“As actuacións obxecto do presente convenio ascenden a cantidade total de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (2.320.991,19€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da obra obxecto da colaboración pactada, que será financiada integramente pola Deputación de Pontevedra, UN MILLÓN SEISCENTOS UN MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (1.601.948,13 €) contra a aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14.2025 e SETECENTOS DEZANOVE MIL CORENTA E TRES EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (719.043,06€) con cargo ao exercicio 2026 e contra a aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

A **Deputación de Pontevedra** financiará contra as aplicacións orzamentarias 2026/942.9420.762.14.2025 e 2026/942.9420.762.14 as seguintes cantidades das correspondentes anualidades do orzamento provincial:

2025	2026	TOTAL
1.601.948,13 €	719.043,06€	2.320.991,19€

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada no proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.”.

**SEGUNDA.-** En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 4 de decembro de 2025 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.



E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

A sinatura da addenda queda condicionada á aprobación do texto da mesma polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

- FACULTAR ao presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.”.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).



**4. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico da actuación “Recollida de RSU no Concello de Ribadumia” presentado polo Concello de Ribadumia ao abeiro do Programa PON2030 e a modificación do Acordo do Pleno núm. 4.8011, de 23/06/2023, de concesión de subvención (Expte. 2023030703)**

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “RECOLLIDA DE RSU NO CONCELLO DE RIBADUMIA” PRESENTADO POLO CONCELLO DE RIBADUMIA AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO NÚM. 4.8011, DE 23/06/2023, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (EXPTE.2023030703)**

**ANTECEDENTES**

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Ribadumia con destino á execución da actuación denominada “Recollida de RSU no Concello de Ribadumia”, ao abeiro do Programa PON2030.  
O custo total da actuación ascendía a 453.113,54€ e a subvención concedida a 202.724,24 €, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 250.389,30€.
- Mediante a resolución presidencial núm. RP2023008031 de 26/10/2023 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribadumia, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 20/12/2023.
- Na data 06/02/2026, o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB WEB2026007932), entre outros documentos, unha memoria reformulada e a súa aprobación, un informe xustificativo dos cambios e un certificado do compromiso do financiamento. Os cambios introducidos na memoria non son substanciais e débense a un desaxuste dos prezos así como a correccións técnicas, sen que isto supoña alteración dos obxectivos, alcance ou finalidade da memoria. O importe do orzamento da actuación aumenta en 40.698,35 € (un incremento do 8,98%) ata o importe de 493.811,89 €. Segundo o establecido na cláusula quinta do convenio, ao non poder afectar a modificación ao importe máximo da achega da Deputación, o incremento do



orçamento deberá financiarse polo Concello, cos seus fondos propios ou con outro tipo de axudas que poida obter. Neste caso, o Concello presentou un certificado no que se compromete a facerse cargo da achega, por importe de 291.087,65 €.

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 06/09/2026 (CSV: 5PCGZRY8BQAGFLLo).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na data 09/02/2026, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos obxectivos propostos da Axenda 2030, nin o cumprimento das políticas panca consideradas na memoria do proxecto orixinal, nin aos principios Ágora, manténdose a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 09/02/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: PVI8X4YQW2YO2866).
- Na data 13/02/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: HN9DSZ42UoKCGSF1).
- O día 13/02/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: IY4PQMY4UNR67YXA).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030
- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ribadumia para a execución da actuación denominada “Recollida de RSU no Concello de Ribadumia” ao abeiro do Programa PON2030

### **Consideracións xurídicas**

#### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

#### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### **Resolución do expediente**

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.



- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederáse á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Programa PON2030, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Base, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.
- Cláusula 5ª do convenio, pola que o concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada da modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmárase a correspondente addenda. A modificación non poderá afectar en ningún caso ao importe máximo da achega da Deputación.

#### **Competencia para resolver**

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

#### **CONCLUSIÓNS**

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Ribadumia para a execución da actuación denominada “Recollida de RSU no Concello de Ribadumia”, no marco do Programa PON2030, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe do orzamento da actuación aumenta en 40.698,35 € (un incremento do 8,98%) ata o importe de 493.811,89 €. Segundo o establecido na cláusula quinta do convenio, ao non poder afectar a modificación ao importe máximo da achega da Deputación, o incremento do orzamento deberá financiarse polo Concello, cos seus fondos propios ou con outro tipo de axudas que poida obter. Neste caso, o Concello presentou un certificado no que se compromete a facerse cargo da achega, por importe de 291.087,65 €.

A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico da actuación “Recollida de RSU no Concello de Ribadumia” presentado polo Concello de Ribadumia ao abeiro do Programa PON2030.
- MODIFICAR o acordo plenario nº 4.8011 do 23/06/2023, de concesión de subvención ao Concello de Ribadumia para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PON2030	ACHEGA CONCELLO
493.811,89 €	202.724,24 €	291.087,65 €

Ao aumentar o orzamento do proxecto e o importe da achega municipal, deberá procederse á sinatura da correspondente addenda ao convenio entre ambas administracións na que se modifique a cláusula segunda de Financiamento.

- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Ribadumia, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).



## **5. Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Deputación de Pontevedra á creación dunha liña de axudas extraordinarias para os concellos afectados polos temporais**

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos meses, a provincia de Pontevedra vén sufrindo unha sucesión de temporais meteorolóxicos de especial intensidade que provocaron importantes danos en infraestruturas públicas, equipamentos municipais, vías de comunicación, espazos naturais, instalacións deportivas, redes de saneamento e abastecemento, así como en bens e servizos de titularidade municipal.

Estes episodios climáticos extremos tiveron un impacto moi significativo en numerosos concellos da provincia, que se viron obrigados a actuar con urxencia para garantir a seguridade da veciñanza e restablecer os servizos básicos. Moitas destas actuacións realizáronse con medios propios e de maneira inmediata, xerando un esforzo económico extraordinario que compromete a estabilidade financeira municipal e limita a capacidade dos concellos para atender outras necesidades prioritarias.

Cómpre salientar que os concellos, especialmente os de menor tamaño e capacidade orzamentaria, non dispoñen dos recursos suficientes para facer fronte en solitario aos custes derivados destes danos sobrevidos. Por iso, resulta imprescindible a cooperación interadministrativa e, en particular, o apoio da Deputación Provincial de Pontevedra, como administración supramunicipal chamada a garantir a solidariedade territorial e o equilibrio entre concellos.

A Deputación de Pontevedra conta coa capacidade técnica, económica e xurídica necesaria para artellar mecanismos extraordinarios de apoio financeiro que permitan paliar os efectos destes temporais, contribuíndo á



reparación de danos, á recuperación das infraestruturas afectadas e á normalización da vida cotiá da cidadanía.

Cómpre salientar tamén que varios concellos da provincia, ante a gravidade da situación e a insuficiencia dos seus recursos propios, trasladaron formalmente á Deputación de Pontevedra a necesidade de contar con mecanismos extraordinarios de colaboración e apoio económico para facer fronte aos danos derivados dos temporais. Porén, ata o de agora, estas peticións de colaboración non obtiveron unha resposta efectiva, o que incrementa a dificultade dos concellos para afrontar as actuacións necesarias e reforza a urxencia de que a Deputación exerza plenamente o seu papel de administración de apoio e cooperación municipal.

Neste sentido, resulta pertinente lembrar que o anterior goberno provincial si soubo dar resposta a situacións semellantes, activando no ano 2023 unha liña de axudas extraordinarias destinada aos concellos afectados polos temporais. Aquel mecanismo permitiu atender con axilidade as necesidades máis urxentes, colaborar na reparación de infraestruturas danadas e aliviar a presión financeira das administracións locais. A existencia dese precedente recente demostra que é posible, necesario e plenamente xustificado volver poñer en marcha unha liña de apoio extraordinaria, polo que resulta incomprensible a inacción actual fronte a unha problemática coñecida e recorrente.

A esta situación súmase que, recentemente, o Goberno de España incluíu a Galicia entre as zonas afectadas por emerxencia grave de Protección Civil polos temporais rexistrados os días 10 e 24 de novembro, 1, 15 e 17 de decembro de 2025, así como o 12 e o 20 de xaneiro de 2026, a pesar de que a Xunta de Galicia non declarou a emerxencia correspondente. Este acordo do Consello de Ministros permite activar un procedemento de axudas máis rápido e eficaz, sen concorrencia competitiva, accesible mediante a presentación dunha memoria valorada dos danos, e con subvencións de ata o 50% do seu importe, destinadas a concellos, empresas e particulares. Este feito pon de manifesto, unha vez máis, que cando existe vontade política é posible artellar respostas áxiles e efectivas, e evidencia a falta de iniciativa da Xunta de Galicia para empregar os instrumentos ao seu alcance en beneficio dos concellos afectados.



Por todo o exposto, considérase xusto e necesario impulsar unha liña de axudas extraordinarias destinada especificamente aos concellos afectados polos temporais, que teña en conta a magnitude dos danos sufridos e as actuacións de emerxencia realizadas.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes.

### **ACORDOS:**

1. Crear con carácter urxente unha liña de axudas extraordinarias dirixida aos concellos da provincia de Pontevedra afectados polos temporais, co obxectivo de paliar os danos ocasionados en infraestruturas, equipamentos e servizos públicos municipais.
2. Dotar esta liña de axudas dunha contía económica suficiente, garantindo criterios de reparto xustos e proporcionais en función da gravidade dos danos acreditados e da capacidade económica de cada concello.



Ana Laura Iglesias González  
Voceira do Grupo Provincial Socialista”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina desfavorablemente a referida moción cos votos en contra dos/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular (9), os votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6), e a abstención dos/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG (2).



## 6. Rogos e preguntas

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

Marcos Areán González

